

Senén: «No Entroido agora hai moita cantareira de Ardebullo e tonechismo»

► O experto ourensán falou sobre a tradición e a transgresión nesta celebración durante a Xornada de Literatura Oral en Lugo, organizada polo colectivo de escritores en lingua galega

JAUREGUIZAR

sjareguizar@elprogreso.es

LUGO. Felipe Senén desenvolveu unha alfombra chea de motivos de carnaval para falar sobre o Entroido de Galicia. Abriu onte en Lugo a xornada da tradición literaria oral que o colectivo de escritores galegos AELG dedicou á festa de inverno dende o punto de vista da transgresión e a tradición.

Sentado activamente na mesa maior do Pazo de San Marcos tras media ducia de máscaras populares de carnaval analizou o Entroido. Defendeu que a festa «consistía en levantar a arca dos avós e quitar o que había ali» para facer unha procesión pagá. Comezaba «ás sete da mañá, hora na que os mozos bendecían dun xeito pagano os campos, nacía o sol e o oso espertaba do seu letargo».

Fixo ver aos asistentes que este momento do ano «son as antípodas do Entroido, porque os protagonistas son os mortos e as cañañas». O experto non deixou pasar a ocasión de subliñar que a festa galega dos mortos «ten máis variedade que o Halloween».

O historiador ourensán avogou polo respeito polo histórico e polo espontáneo desta tradición fronte ás influencias externas a Galicia, con especial incidencia na televisión, que percibe como negativas. Máis cando a variedade as fai innecesarias esas achegas: «Atopamos un Entroido por cada lugar».

A exposición de Felipe Senén foi un río caudaloso de erudición, testos e cantos. Entou cancions con alegría, tanto recreando as tradicionais como para facer caricatura de figuras televisivas como Belén Esteban. Entre os usos arraizados



Felipe Senén, onte nos pasillos da Deputación de Lugo. XESÚS PONTE

considerou mesmo elementos que volvieron nas maletas dos emigrantes do século pasado, coma os mantóns de Manila ou as teas de Cachemira, en oposición marcada «aos do gran bazar chinés», como culificou os actuais.

Como exemplo de que o fluxo migrante tiña retorno citou a Sebastián Aparicio, o franciscano da Gudiña que «creou Monterrei ou Veracruz» no século XVI e que

tivo influencia no carnaval mexicano.

Pero retomou unha e outra volta a desaprobación cara ao «feismo», que non é soamente arquitectónico porque no carnaval «hai moita cantareira de Ardebullo e moito 'tonechismo'», en alusión a personaxes cómicos de vestidura popular que participan en programas da Televisión de Galicia. Non obstante, optou polo comedimento na corrección destas conductas: «Non hai que ser paternalista».

Nese punto revelou que «as máscaras probablemente» se elaboraban «en estruturas de cestería», ás que sumou as protuberancias das árbores, que eran serradas. Mesmo deslizou unha posible resoancia das máscaras na

pintura de Picasso, que procedería dos anos de nenez na Coruña.

O experto ourensán visitou a súa provincia para reivindicar que el nomeou «triángulo máxico do Entroido», no que delimitou Monterrei, Viana do Bolo e Xinzo do Limia.

O carnaval galego tivo unha elevación intelectual hai un século. Felipe Senén puxo en relación o Entroido co interese de Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo polo ocultismo e conectouno cos experimentos de Borges na beira oposta do Atlántico. Para este experto «o Entroido é un realismo máxico», un antecedente do movemento no que «Risco xa falaba dun rapaz que se preocupa polo mundo oculto», Alvaro Cunqueiro.

O historiador sinala que o Entroido «comezaba ás sete da mañá e consistía en levantar a arca dos avós e quitar o que ali había»